

## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2017/9	O Pleno

### DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	1 de xuño de 2017
<b>Duración</b>	Desde as 20:30 ata as 21:20 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
<b>Secretaria Acctal.</b>	M.ª JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

### ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52470281J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
35436150G	ANA MARIA ASOREY BREA	NON
44827857Y	BELÉN LOUZAO VIEITES	SÍ
44843918J	EDUARDO JOSE DAVILA RODRIGUEZ	SÍ
52472456A	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
76866604Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
44089524L	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76796340F	MANUEL FERNANDEZ CERDEIRA	SÍ
76868700D	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
35455186L	MARIA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	SÍ
76871181Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ

### Concello da Estrada



35440840W	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472335C	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76859732B	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
44091955N	ROMAN SUÁREZ PORTO	SÍ
44092708Y	SILVIA NEIRA IGLESIAS	NON
76860863S	XOSE MAGARIÑOS MACEIRAS	NON
76865922Z	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría Accidental a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

O Sr. Alcalde advirte que se procederá a variar o orde dos puntos a tratar, de xeito que o punto n.º 6 (reclamacións e alegacións ao Orzamento) pasarase a debatir en cuarto lugar e, a continuación o asunto referenciado no punto n.º 4 (aprobación do Orzamento municipal) ocupará o punto 6º.

#### **APROBACIÓN ACTA SESIÓN ORDINARIA DE 4 DE MAIO DE 2017**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Dada conta da acta corresponde á sesión ordinaria celebrada o 4 de maio de 2017, apróbbase por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

#### **APROBACIÓN ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URGENTE DE 11 DE MAIO DE 2017**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Dada conta da acta corresponde á sesión extraordinaria e urgente celebrada o 11 de maio de 2017, apróbbase por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

#### **Expediente 163/2017. Rectificación de erro material na Relación de Postos de Traballo.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde outorga a palabra ao Concelleiro delegado de Persoal, **D. Alberto Blanco Carracedo**, para dar explicación deste asunto, quen comeza dicindo que, ante un escrito

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 Pontevedra. Tfno. 986570030. Fax: 986570233



presentado pola funcionaria de Intervención Dna. Rosa M<sup>a</sup> Méndez Aragunde polo que advirte da existencia dun erro ou discrepancia entre o Anexo de Persoal funcionario de 2017 e o documento da RPT (que recolle o seu posto como Administrativo cando é Administrativo Contable) solicitando a corrección de dito erro, e previo informe de Secretaría e ditame da Comisión Informativa correspondente, se propón a corrección do devandito erro material do documento da RPT, para que conte na praza a que se atopa adscrita á solicitante, a denominación ADMINISTRATIVO-CONTABLE, concordante co recollido no Anexo de Persoal 2017.

Non habendo máis intervención se procede á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a solicitude formulada pola funcionaria Dna. Rosa M.<sup>a</sup> Méndez Aragunde (REN n.º 5901, 18/05/2017) no que advirte da existencia dun erro ou discrepancia entre o Anexo de Persoal funcionario de 2017 e o documento da RPT, solicitando que, ao estar en exposición o Orzamento municipal, se produza a corrección de dito erro.

Visto o informe da Secretaría municipal de data 16 de maio de 2017

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión do 25/05/2017.

**ACORDAMOS:**

**PRIMEIRO.-** Rectificar o erro material do documento da RPT, para que conte na praza a que se atopa adscrita a funcionaria Dna. Rosa M<sup>a</sup> Méndez Aragunde, a denominación ADMINISTRATIVO-CONTABLE, concordante co recollido no Anexo de Persoal 2017.

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo á interesada xunto co seu réxime de recursos.

### **Expediente 212/2017. reclamacións e alegacións ao orzamento**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 11, En contra: 7,  
Abstencións: 0

O Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco**, explica que, trala aprobación inicial do Orzamento municipal para 2017 e durante o período de exposición pública, presentouse unha única alegación polo sindicato UGT, a cal foi rexeitado en base ao informe emitido conxuntamente pola Intervención e Secretaría municipais por causa de non encaixar en ningún dos tres supostos que contempla a Lei, e así se ditaminou na Comisión Informativa e agora se trae a esta sesión plenaria.

Pide a palabra a voceira de PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, a cal comeza dicindo que, un ano máis, atopámonos co que Orzamento municipal recibe alegacións en materia de persoal por parte dos sindicatos. Di que, aínda que o informe conxunto de Secretaría e Intervención establece que a alegación presentada por UGT non entra en ningún dos tres supostos admitidos pola lei, se podería entrar no fondo do asunto para estudalo mellor, sen embargo hai xurisprudencia que avala que en materia de Capítulo I (persoal) hai cabida de recursos ao orzamento. Polo anterior e a pesares do informe de Secretaría, quere lembrar que o Pleno ten capacidade de entrar no fondo da alegación e, dunha vez por todas, solucionar o problema que se plantexa e, deste xeito, evitar que ano tras ano se reiteren este tipo de alegacións,

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 Pontevedra. Tfno. 986570030. Fax: 986570233



aconsellando que se emita un informe en materia de persoal entrando no fondo da alegación presentada. Polo manifestado di que o seu grupo político vai a apoiar a UGT na alegación presentada en sinal de protesta e amparándose na xurisprudencia que di que en materia orzamentaria e concretamente no relativo ao Capítulo I é susceptible de recursos.

Finalmente, pide que a solicitude da traballadora (tratada no punto anterior) sexa tratada como unha alegación. Tamén prega que se solicite un informe á Secretaría e Intervención que trate o fondo da alegación presentada.

Pide a palabra a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, quen di que, independentemente de se a reclamación ten ou non fundamento legal en materia orzamentaria, entende que o goberno debe de dar unha resposta aclaratoria dos puntos plantexados na alegación presentada por UGT, entrando no fondo da mesma, por entender que se tratan de asuntos que afectan aos traballadores deste Concello e, por outra banda, por considerar que é necesario que o grupo de goberno se esforce en dar fin con estas dinámicas de responder só nos xulgados.

Para dar resposta ás intervencións anteriores, o **Sr. Alberto Blanco** di que, en canto á alegación presentada pola traballadora tratada no punto anterior, a mesma si tivo resposta e se acaba de facer no punto anterior, considerando a Secretaría municipal que debía de ser tratado fóra das alegacións ao Orzamento e así se tramitou, estando o grupo de goberno totalmente de acordo. No que respecta á alegación de UGT hai que diferenciar que é un tema de RPT e que queda apartado nos seus termos da sede orzamentaria, tendo que recordar que esta mesma alegación foi presentada o ano pasado e, ante o seu rexeitamento, foi levado aos tribunais e, curiosamente, o propio sindicato retirou a demanda por considerar que non tiña motivación para ser considerada como alegación ao orzamento, sen embargo agora volve a presentala. Considera o Sr. Blanco que entrar no fondo da alegación non ten moito sentido, xa que se trata dun tema falado de abondo durante tres anos durante a tramitación da RPT e posteriormente debatido en sesións plenarias, polo que tratar o fondo desta alegación non ten sentido por no ter nada que ver co tema orzamentario.

Volve a intervir a **Sra. Belén Louzao** para manifestar que o seu grupo político considera que dita alegación si afecta ao tema do Orzamento, xa que nela se trata o tema de dotar de diñeiro o Capítulo I do mesmo.

Tamén pide, pola existencia dun erro na documentación contida no expediente, que se aclare cal vai a ser o sentido da proposta, xa que consta no resumo do punto como proposta favorable, sen embargo o grupo de goberno di que vai a votar desfavorablemente.

Non habendo máis intervencións se procede á votación. Neste punto advírtese que, por una mala interpretación dos concelleiros presentes na lectura da PROPOSTA, emitiron o voto de maneira errónea, a cal se levou de maneira contraria ao que se propón, deducíndose que a votación a esta proposta foi dos votos a favor do PP e en contra de PSdeG-PSOE e MÓVETE, adoptándose o seguinte **ACORDO**:

Vista a reclamación que se indica, dirixida contra o Orzamento municipal aprobado na sesión plenaria do 20 de abril de 2017 (Boletín Oficial da Provincia do 27):

- Escrito presentado con data 18/05/2017 (RE nº 6749) por D. José Luis Rey García, en representación da sección sindical de F.S.P. da Unión Xeral de Traballadores (UGT)

Tendo en conta que, a tenor do informe conxunto da Secretaría e a Intervención municipais, non concorren nas alegacións presentadas ningunha das tres causas para reclamar contra o orzamento establecidas no artigo 170.2 do Texto



Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,  
Vista a documentación que consta no respectivo expediente.  
Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión do 25/05/2017.

ACORDAMOS:

Desestimar a reclamación do sindicato *Unión Xeral de Traballadores* contra o Orzamento municipal para o exercicio 2017 por non alegarse ningún dos motivos para tal efecto sinalados no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

### **Expediente 513/2017. Aprobación do Orzamento Municipal (modelo normal) para o exercicio 2017**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 11, En contra: 7,  
Abstencións: 0

Toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco Carracedo**, que explica que, despois de rexeitar a alegación presentada ao Orzamento 2017, se procede á aprobación definitiva do mesmo.

Pide a palabra a concelleira **Dna. Belén Louzao** manifestando o voto en contra do seu grupo político por considerar que non da resposta ás demandas dos veciños de A Estrada.

A **Sra. Mar Blanco** di que, ao igual que manifestou na sesión plenaria onde se aprobou inicialmente o Orzamento 2017, vai a votar en contra por considerar que non da resposta ás necesidades básicas dos estradenses, ao mesmo tempo que continúa incrementando partidas de gastos pouco concretas que facilitan o despilfarro. Tamén lamenta que non se tiveran en conta as alegacións ou suxestións que presentou ou seu grupo político ao entender que suporían unha mellora na situación actual; a colación do anterior quere recordar a política de transparencia e a participación na toma de decisións, algo que considera que o grupo de goberno deste Concello non a pon en práctica ao non ter en conta as propostas da oposición. Así mesmo di que non entende como se está a debater este punto con cinco meses de atraso, esperando non ter que esperar tamén tantos meses para debater a alegación presentada polo seu grupo fai un mes sobre a residencia para persoas dependentes, ao igual que outras máis.

Non habendo máis intervención se procede á votación, adoptándose polos votos a favor do Partido Popular (11) e contra do BNG e MÓVETE (7) o seguinte **ACORDO**:

Visto que o orzamento para este exercicio aprobouse inicialmente na sesión plenaria do 20 de abril pasado e permaneceu exposto ao público durante o prazo anunciado no Boletín Oficial da Provincia do 27 do mesmo mes.

Visto que nese prazo, comprendido entre o 28 de abril e o 22 de maio de 2017, ambos os dous días incluídos, tivo entrada o escrito que deseguido se indica:

- Escrito presentado con data 18/05/2017 (RE nº 6749) por D. José Luis Rey García, en representación da sección sindical de F.S.P. da Unión Xeral de Traballadores (UGT)

Visto o informe en sentido contrario a esta reclamación emitido pola Secretaría e a Intervención municipais.

Vista a proposta do Concelleiro delegado de Facenda incorporada ao

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 Pontevedra. Tfno. 986570030. Fax: 986570233



expediente.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión do 25/05/2017.

E, co gallo de proceder a completar a tramitación sinalada no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

### **ACORDAMOS:**

Aprobar definitivamente o Orzamento municipal para o exercicio 2017 nos termos aprobados nun principio na sesión plenaria do 20 de abril de 2017.

### **Expediente 506/2017. Modificación de Créditos para a Aplicación do Superávit Orzamentario**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 11, En contra: 6, Abstencións: 1

Toma a palabra o Concelleiro de Facenda, **D. Alberto Blanco**, quen comenza dicindo que, ao abeiro do disposto na Lei 9/2013 de Control da Débeda Comercial no Sector Público, que modifica a Lei 2/2012, entre as dúas cantidades positivas que se deron na Liquidación do Orzamento 2016, que eran un superávit de 1.276.922,00 € e o Remanente de Tesourería de algo máis de 893.000,00 €, sendo unha destas cantidades destinadas, en base ás anteriores leis, a amortización de débeda. Aclara que este punto xa foi tratado nunha anterior sesión plenaria deixándose sobre a mesa, pero seguindo o consello da Intervención municipal, considérase que é necesario sometelo para a súa aprobación polo Pleno.

Intervén a **Sra. Belén Louzao** lembrando que efectivamente este expediente quedou sobre a mesa nunha anterior sesión plenaria por considerar que, segundo as novas leis, os remanentes se poderán destinar para investimentos e obras en próximos exercicios, pero non entende a motivación exposta polo Concelleiro de Facenda para volvelo a traer a este Pleno, descoñecendo que base existe e que motiva este feito, sobre todo tendo en conta que o remanente de 2016 se pode utilizar para outros fins sen necesidade de asinar outra operación de crédito. Polo anterior prega que se convoque unha Comisión Informativa para tratar este tema, sobre todo tendo en conta o sinalado no informe emitido pola Intervención municipal sobre a necesidade de elaborar un plan de axuste, pero si o grupo de goberno falou outra cousa distinta co órgano interventor entón lle gustaría que se convocara unha comisión para tratar este tema na súa profundidade, xa que á vista dos cambios normativos non se xustifica esta proposta, sobre todo tendo en conta o devandito informe de Intervención o cal di que a corporación ten a obriga de elaborar e aprobar un plan económico-financeiro no prazo máximo de 3 meses. Ante o anterior non pode apoiar a aprobación desta proposta.

Pide a palabra a **Sra Mar Blanco** para destacar ese informe de Intervención, no que se advirte que se incumpre o principio de estabilidade orzamentaria e que a corporación ten a obriga de elaborar ese plan económico-financeiro, lembrando que na Comisión onde se debateu este asunto xa se falou das repercusións que tería para o Concello o incumprimento do principio de estabilidade así como a omisión de información sobre cando se faría dito plan, polo que lle gustaría tratar estes puntos e así saber como posicionarse á hora da votación deste asunto.

O **Sr. Alberto Blanco** di que, á vista do informe emitido, consúltase á Intervención, a cal di que muda de opinión ao considerar que a redacción é incorrecta, xa que a obrigatoriedade virá dende o momento que exista unha liquidación do Orzamento e que establecerá a obriga de fixar



algún tipo de actuación extraordinaria para este concello. Di que o feito de que exista unha modificación orzamentaria como a que inclúe este expediente non ten por que implicar que exista un resultado negativo na Liquidación, porque os apartados que recolle o informe de Intervención xa foron incluídos en anteriores informes, sendo o resultado o mesmo, porque poden influír pero non obrigan a ter que levar a cabo ningunha actuación polo Pleno. Invitando a que se fale con Intervención para aclarar este tema ou ben se pedirá un informe aclaratorio a ese departamento.

A **Sra. Belén Louzao** di que si realmente se fixo esa precisión lle gustaría que se lles facilitara copia da mesma, porque se lles enviou un expediente que pon corrixido e, sen embargo, o informe inclúe ese parágrafo, pero si é verdade que a Sra. Interventora mudou os seus criterios, entón solicita que se lle dea traslado dese novo informe, en caso contrario sería prudente deixar este expediente sobre a mesa para sometelo a outra Comisión e levar a cabo un novo estudo, porque cre que non hai moita presa, xa que se se tramita para xustificar os proxectos de EDUSI lembra que a estas alturas aínda non é sabedora de cales son as propostas do grupo de goberno. Polo manifestado anteriormente, di que o voto do seu grupo será negativo.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde** para aclarar dúas cuestións importantes. A primeira é que o motivo polo que este expediente quedou sobre a mesa na anterior sesión plenaria foi por un principio de prudencia, xa que se estivo analizando as emendas presentadas ao Orzamento do Estado para poder aplicar os remanentes e superávit presupostario das administracións locais e o escenario non cambia todo o que se podería esperar, xa que permite utilizar este superávit para inversións financeiramente sostibles e o concello que non conorra con esa aplicación do remanente no cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria (o mesmo que apunta a Sra. Interventora no seu informe) e aplicar os remanentes no exercicio en curso podería desequilibrar o nomeado principio, polo que se Intervención emite un informe nesa liña complicaría a posibilidade de reinvestir ese diñeiro, non tendo a posibilidade de facelo; pero fundamentalmente o que nos leva a tomar esta decisión é que aplicación destes 893.000,00 € a amortización de débeda e a solicitude dun novo préstamo, garantindo a aportación municipal a EDUSI de todos os proxectos municipais, dos seis millóns de euros, dende que se inicia ata o ano 2020. Di que este grupo de goberno podería ser egoísta e aplicar ese remanente ou superávit orzamentario ao ano en que se aplica, gastándoo en proxectos actuais e así deixar a cero os remanentes para anos vindeiros, pero considera que non sería a forma máis correcta de actuar por un grupo de goberno, polo que tómase a decisión de limitar esa capacidade e deixar consignados e blindados 893.000,00 € para facer fronte ao resto da estratexia EDUSI ata que finalice e así, sexa cal sexa a próxima corporación, teña garantidos os fondos e a súas respectiva aplicación. Polo manifestado di que se trata dunha cuestión meditada e valorada, tomada dende a sensatez, sendo a intención do grupo de goberno aprobar este expediente e empezar a mover proxectos aprobados con cargo a EDUSI.

Pide a palabra a **Sra. Belén Louzao** dicindo que esa é a proposta que o grupo de goberno fai e contesta o mesmo que se lle dixo na Comisión Informativa, isto é que se valorou economicamente neste caso, agora que hai esta modificación, en lugar de solicitar un crédito de case 900.000,00 € facelo pola metade e utilizar parte dos remanentes e, deste xeito, tramitar un crédito con menores custos para o Concello; di que está en posesión de informes económicos que calculan os custos de facelo da maneira que propón o grupo de goberno e tamén do xeito que propón o seu grupo político, porque é certo que EDUSI chegará ata o 2020, pero tamén que é certo que non se precisa ter un millón de euros nestes momentos senón que se pode ir dotándoos anualmente, porque ao final estamos a falar do diñeiro de todos, e existe un informe económico que avala a súa proposta de facelo agora de xeito completo e non utilizando os



remanentes e solicitando o vindeiro exercicio un crédito máis pequeno.

Responde o **Sr. Alcalde** que a proposta se basea no aconsellado pola Intervención municipal, sendo este órgano o que realmente o propón ao considerala máis sensata e máis vantaxosa para o Concello.

Non habendo máis intervencións se procede á votación, adoptándose polos votos a favor do PP, en contra do PSdeG-PSOE e a abstención de MÓVETE, o seguinte **ACORDO**:

Visto o expediente incoado de Suplemento de Crédito número 1/R/2017 financiado con Remanente líquido de Tesourería e baixas de crédito; ante a urxente e inaprazable necesidade de, segundo se xustifica na Memoria, amortizar débeda por importe do superávit resultante da Liquidación do Orzamento de 2016 (L.O. 9/2013 de Control da Débeda Comercial no Sector Público que modifica a Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade presupostaria e sostibilidade financeira).

Visto o informe de Intervención, emitido con data 4 de maio de 2017.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas en sesión do 08/05/2017.

Vista a diversa documentación que consta no respectivo expediente, e de conformidade co disposto no artigo 177 do TRLRFL aprobado polo R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo; no artigo 35 do RD 500/1990, de 20 de Abril,

#### **ACORDAMOS:**

**PRIMEIRO:** Aprobar o expediente de Suplemento de Crédito número 1/R/2017 (modificación orzamentaria número 12/2017) con cargo a remanente líquido de Tesourería, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓNS ÁS QUE SE DOTA DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO			FINANCIACIÓN: R.L.T
APLICACIÓN	DESCRIPCIÓN	IMPORTE	
011.913.17	AMORTIZACIÓN PRÉSTAMO LONGO PRAZO 2013 CAIXA BANK (LA CAIXA) 9620-312-738712-95	389.960,60	389.960,60
011.913.18	AMORTIZACIÓN PRÉSTAMO LONGO PRAZO 2014 B.B.V.A.	503.500,00	503.500,00
	TOTAL SUPLEMENTO DE CRÉDITO.....	893.460,60	893.460,60

**SEGUNDO:** Ordenar que este expediente de modificación de crédito, que se aproba inicialmente, sexa exposto ao público por espazo de quince días hábiles no Departamento municipal de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal, prazo no que os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación, en cumprimento do disposto no artigo 177.2 do RDL 2/2004 de 5 marzo polo que se aproba o TRLRHL e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real Decreto 500/1990, do 20 de Abril.

**TERCEIRO:** Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, si durante o citado período non se presentaran reclamacións.





## Expediente 251/2017. DECRETOS DA ALCALDÍA ABRIL DE 2017

### DACIÓN DE CONTA

### Tipo de votación:

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 3 e o 28 de abril de 2017 (ambos os dous incluídos), e que van dende o nº 295/2017 ao nº 396/2017 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

## ROGOS E PREGUNTAS

Inicia o turno de rogos e preguntas a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, a cal comeza dando traslado dun rogo dos veciños da parroquia de Montillón para que retiren unha árbore inclinada sobre a pista de acceso á súa capela polo perigo que supón, ben identificando ao dono para que a retire ou ben sexa o propio Concello o que busque a solución.

Tamén solicita que o grupo de goberno valore os problemas de seguridade que se dan nos Xardíns municipais por mor dos desniveles existentes nos espazos de xogo ou camiños dos mesmos, quizais por motivos das chuvias ou outros factores derivados da climatoloxía, e proceda á elaboración dun proxecto para o arranxo deses desniveis e a perigosidade que conlevan.

Prega que se proceda ao pintado de varias rúas do casco urbano, que afectan ás marcas de sinalización, pasos de peóns, liñas amarelas.

Reitera o rogo de que se solucione o problema existente na beirarrúa, concretamente na entrada da Casa das Letras, consistente en plaquetas deterioradas e levantadas que supoñen un risco para os peóns e para os vehículos que entran no seu aparcadoiro.

Prega novamente que se sinalice a prioridade dos peóns no paso pola beirarrúa á altura da entrada no aparcadoiro da Casa das Letras.

Intervén a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, que comeza preguntando cando se vai a falar dos proxectos que formarán parte da estratexia EDUSI, xa que no pasado mes de xaneiro se premiaba aos distintos partidos políticos para que presentaran as súas propostas e, dende aquelas, non se tivo ningunha reunión da Comisión Estratéxica para valorar as prioridades polas que se quere comezar, polo que lle gustaría saber canto tempo se ten que esperar máis para ter información con respecto a este tema.

Solicita que se este ano se fagan públicas as contas das Festas da Estrada.

Prega que se arranxe a porta automática da entrada á Casa do Concello, a cal está dando problemas e pode traer problemas ou accidentes.

Prega que se arranxe a porta e parede existente no Salón de Plenos que da acceso ao almacén e á cúpula, pola mala imaxe que transmite.

Pide que se valore o levar a fibra óptica ao rural, aínda que se recolleu na prensa estaba previsto que algunhas parroquias dispoñan dela, pero prega que se prevea levala ao maior número delas.

Por último, fai fincapé na necesidade de non demorar máis o pintado do paso de peóns, limpeza da rúa e entorno do Colexio de Figueroa.

O **Sr. Alcalde** responde que acaba de rematar o procedemento de contratación con cargo ao Plan de Emprego da Deputación, dentro do cal se dispón

## Concello da Estrada



de 8 persoas na brigada de limpeza que, cos 4 traballadores existentes, polo que espera que se note unha maior limpeza das rúas. Con respecto a este tema di que hai que pedir unha certa concienciación dos cidadáns, xa que existe un problema con respecto ás defecacións dos cans, para elo tamén se lle pediu á Policía Local un esforzo para que efectúe unha vixilancia no tema da limpeza das rúas. Por outra banda, di que proximamente se porá en marcha a máquina varredora, avariada ata de agora.

En relación a outras cuestións plantexadas neste apartado de rogos e preguntas, di que se está a contratar diverso persoal con cargo ao Plan de Emprego e que afectará a servizos como desbroces, vías e obras, etc, polo que espera que pronto se comezará a arranxar temas como o pintado de rúas e outros traballos de mellora tanto no casco urbano como no rural e, a ser posible, antes das Festas Patronais. No que se refire ao pintado da sinalización horizontal di que se solicitou orzamento para valorar o importe que suporía o pintado integral do caso urbano, rondando os 70.000,00 €, polo que se comezará co pintado dos pasos de peóns

Antes de finalizar a sesión o **Sr. Alcalde**, dentro do Regulamento de Participación Cidadán, pregunta se hai algunha persoa entre o público asistente que queira intervir, previa identificación con DNI.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros nin polo público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas vinte minutos.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

---

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 Pontevedra. Tfno. 986570030. Fax: 986570233